

"Obxectivo específico ESO 4.8 sobre o fomento da inclusión activa ao obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os colectivos desfavorecidos"



Cofinanciado por la
Unión Europea



Fondos Europeos

Persoas destinatarias

O Programa galego de apoio ás persoas en risco de desafiuzamento, cofinanciado polo Fondo Social Europeo plus, atende ás persoas físicas con dificultades para pagar as súas mensualidades en concepto de alugueiro da súa vivenda habitual ou en concepto de cotas do préstamo hipotecario que grava a súa vivenda habitual.

O actual contexto fai prever que se manteña o risco por parte das familias máis vulnerables de non ser quen de cumprir coas obrigas que lles permitan gozar dunha estabilidade residencial ou habitacional.

PROGRAMA GALEGO DE APOIO ÁS PERSOAS EN RISCO DE DESAFIUZAMENTO FSE+ 2021-2027

desafiuzamentos.politicasocial.santiago@xunta.gal
desafiuzamentos.politicasocial.coruna@xunta.gal
desafiuzamentos.politicasocial.ferrol@xunta.gal
desafiuzamentos.politicasocial.lugo@xunta.gal
desafiuzamentos.politicasocial.ourense@xunta.gal
desafiuzamentos.politicasocial.pontevedra@xunta.gal
desafiuzamentos.politicasocial.vigo@xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



Información

A prestación de información e orientación destínase ás persoas e ás familias en risco de desafiuzamento por execución hipotecaria ou falta de pagamento do alugueiro sobre as actuacións que se deben realizar, atendendo á súa situación e circunstancias particulares, incluíndo, se fose o caso, o asesoramento necesario para a xestión da asistencia xurídica gratuíta.

O servizo de información e orientación pretende atender ás diferentes áreas temáticas implicadas na problemática ás que presta atención o programa. Por este motivo, integráronse nos equipos diferentes tipos de perfís profesionais técnicos dos seguintes eidos:

- **Área psicosocial**
- **Área xurídica**
- **Área financeira**



Asesoramento

O asesoramento inclúe as actuacións de orientación de tipo xurídico e de tipo económico financeiro. Esta prestación inclúe a realización de actuacións de mediación coas entidades financeiras, así como o apoio no deseño e planificación da economía familiar tratando de evitar, cando sexa posible, a apertura de procesos de execución hipotecaria da vivenda habitual.

Esta prestación inclúe: apoio na tramitación do bono de alugueiro social, derivación e coordinación cos servizos sociais comunitarios municipais dos concellos ou ás distintas plataformas que xestionan bolsas de alugueiro social e apoio na tramitación das alternativas necesarias para tentar atopar unha solución ante un posible desafiuzamento.

Oficinas en:

**Santiago, A Coruña,
Ferrol, Lugo, Ourense,
Pontevedra e Vigo**



Atención social específica

Procurando intervir sobre os factores de vulnerabilidade social que poidan presentar as persoas e as familias en risco ou situación de desafiuzamento por execución hipotecaria ou falta de pagamentos de alugueiros, promovendo a formulación de proxectos de integracións que atendan ás situacións específicas de partida de cada persoa.

inclusión laboral

En coordinación coas oficinas de colocación e emprego, a través dos axentes de emprego, derivando ás persoas ao servizo galego de orientación e emprego cara unha inserción e capacitación socio-laboral.

Apoio na procura dunha vivenda alternativa

Para aquelas persoas e unidades familiares que poidan perder a súa vivenda por motivo dun proceso de desafiuzamento.